

**CURSO PLATEGA**

**PREVENCIÓN  
DE RISCOS  
DO PERSOAL  
DOCENTE**



# MÓDULO V: PLAN DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN

## ÍNDICE

1. Emerxencia.Concepto e clases.....	5
1.1.- Concepto: .....	5
1.2.- Clases.....	7
2.- A Autoprotección.....	10
2.1- O Plan de Autoprotección escolar.....	11
2.2- O Plan de actuación ante emerxencias. ( plan de emerxencias) .....	15
2.3.- Os equipos de emerxencias .....	21
3. Formacion e información.....	24
4.-Simulacros .....	26

## OBXECTIVO DO MÓDULO

- Familiarizarse coa terminoloxía empregada nas emerxencias.
- Coñecer a normativa aplicable en materia de emerxencia no centro educativo.
- Coñecer a secuencia das accións a realizar nos distintos tipos de emerxencia
- Equipos de intervención.

## HABILIDADES

- Identifica-las distintas situacións de emerxencia que se poden producir.
- Recoñece-los distintos equipos de intervención.
- Coñece-lo proxecto de emerxencia do centro escolar.

## ACTITUDES

- Manter unha postura adecuada en situacións de emerxencia.
- Preocuparse por coñece-la actuación que hai que seguir diante dunha emerxencia.

## COÑECEMENTOS

- Concepto e clases das emerxencias
- A Autoprotección dun centro educativo
- Plan de actuación ante emerxencias
- Os equipos de emerxencias
- Simulacros de evacuación
- Normativa

# 1. Emerxencia. Concepto e clases

Durante a actividade laboral nos **CENTROS DOCENTES** pode xurdir calquera **acontecemento inesperado** que supoña un grave risco para a seguridade das persoas e provoque danos materiais directos e indirectos para o propio centro e incluso para o medio ambiente, en este caso estaríamos falando de unha **emerxencia**. A pesar de que os expertos consideran que o risco que soportan os centros docentes ante posibles situacións de emerxencia é de nivel baixo, o gran número de usuarios que pode albergar este tipo de edificios e o continuo trasfego de persoas alleas o mesmo, supón un risco engadido moi importante e que pode agravar as consecuencias para os ocupantes. Polo que é fundamental evitar as causas das emerxencias e dispoñer de persoas organizadas para facer fronte a mesmas en caso de que estas se produzan.

Exemplos de emerxencias: Incendio, emerxencia médica (accidente con lesións graves ou leves), ameaza de bomba, explosión, fuga de gas, inundación, terremoto, etc.

Posto que un dos riscos máis frecuente nun centro educativo é o de **incendio**, poderase afondar sobre o **Lume** e as súas técnicas de extinción na sesión práctica do curso .

## 1.1.- Concepto:

Son aquelas situacións derivadas de sucesos que ocorren dunha forma anómala, repentina e non desexada, que liberan unha enerxía moi rapidamente e en tal cantidade que poden pór en perigo a moitas persoas, afectar a varias instalacións, e mesmo o contorno da empresa se non se logran controlar nos primeiros momentos. Requiren unha intervención inmediata.

**O artigo 20** da Lei de Prevención de Riscos Laborais di:

*“O empresario, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas á mesma, deberá analiza-las posibles situacións de emerxencia e adopta-las medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos empregados, designando para isto o persoal encargado de pór en práctica estas medidas, e comprobando periodicamente, no seu caso, o seu correcto funcionamento”.*

Pódense presenta-las seguintes situacións de emerxencia:

**Lume sen risco de explosión**, que ocorre por combustión de substancias como papel, madeira, etc. que non son explosivas.

**Lume con gas inflamable** e posibles luzadas ou deflagracións que corresponden a combustións moi rápidas que fai que non se poidan evita-las súas consecuencias fuxindo do lugar do accidente.

**Charcos de lume** ou dardos de lume, que se presentan cando se produciu un derrame ou unha fuga de chorro líquido seguido de ignición; neste caso pódense evita-las consecuencias afastándose do lugar do accidente.

**Explosións**, que se producen polo quecemento de substancias explosivas ou mesturas de aire e gases combustibles.

**Nubes de gases**, xa sexan tóxicos, corrosivos, etc. que se poden presentar pola fuga dun depósito, reactor, etc.

**Derrames nocivos** que se presentan por rotura de recipientes ou tubarias condutoras desas substancias perigosas.

**Incidentes de todo tipo** e que poden dar lugar a situacións excepcionais como ameazas de bomba, terremotos, inundacións, vendavais, accidentes, etc.

**Accidente grave dun alumno.**

Polo tanto, en base ao **ART. 20**, temos a **obriga de** :

- 1.** Analizar as posibles situacións de emerxencias (**estudio do centro e da actividade en canto o risco que pode existir**).
- 2.** Adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos ocupantes (**qué facer, cómo e quen**).
- 3.** Designar o persoal encargado (**equipo de emerxencia**).
- 4.** Comprobar periodicamente o establecido (**revisións das instalacións e simulacros**).
- 5.** Dar a formación e medios necesarios o persoal designado (**formación específica e medios técnicos**).

Para a aplicación das medidas adoptadas, o empresario deberá organiza-las relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento o loita contra incendios, de maneira que quede garantida a rapidez e a eficacia das mesmas.

## 1.2.- Clases

### A. Segundo o tipo de risco

- **Incendio:** Sinistro ocasionado polo lume que orixina perdas humanas e materiais
- **Explosión:** Liberación de grande cantidade de enerxía de forma brusca, desprendendo calor, luz e gases
- **Accidente grave:** Suceso que orixina danos ás persoas
- **Fugas e derramo:** Escapes de gases e líquidos orixinando danos a persoas e medio
- **Risco social:** Intrusismo, sabotaxe, ameaza de bomba, etc.
- **Inundación:** Por enchente de ríos ou rotura de instalacións

### B. Segundo sexa a gravidade

- Conato de emerxencia
- Emerxencia parcial
- Emerxencia xeral

#### Conato de emerxencia

- Situación que pode ser controlada e solucionada de forma sinxela e rápida polo persoal presente no lugar do incidente.
- Considéranse conatos de emerxencia os casos onde se produce a combustión de substancias como papel, madeira, plástico, etc. de escasas dimensións, que non son explosivas nin tampouco están en condicións de explotar, derramo de escasas dimensións, inundacións de escasa importancia.

#### Emerxencia parcial ,

- Situación de emerxencia que non pode ser neutralizada de inmediato e obriga o persoal presente a solicitar a axuda dun grupo de loita máis preparado que dispón de maiores medios contra incendios e emerxencias.
- Considéranse emerxencia parcial os lumes de medianas dimensións que non afecten a obxectos e substancias que poidan provocar accidentes maiores, así como o derramo de substancias tóxicas de escasas dimensións.
- Estas emerxencias poden chegar a ter un impacto ambiental considerable.

## Emerxencia total

- Situación de emerxencia que supera a capacidade dos medios humanos e materiais do centro educativo e obriga a alterar toda a organización habitual, téndose que solicitar axuda ao exterior.
- Considéranse emerxencia xeral os accidentes graves como lumes de grandes dimensións, explosións de gas, grandes inundacións, etc.
- Estas emerxencias presentan un impacto ambiental importante.
- Habitualmente leva consigo a **Evacuación**. Pode ser total ou parcial.

## Evacuación:

Enténdese por evacuación a acción de desaloxar de forma organizada e planificada as diferentes dependencias do centro educativo cando foi declarada unha emerxencia dentro do mesmo (incendio, ameaza de bomba?).

A continuación inclúense algunhas **consignas a seguir** para a súa organización, que deben transmitirse aos diferentes usuarios do centro:

- O sinal de alarma para a evacuación será de forma manual, ben a través de megafonía, sinais acústicos, etc. Será dada por orde do Xefe de EMERXENCIA.
- As vías de evacuación deben permanecer en todo momento libres de obstáculos.
- Cada zona terá asignado unha orde de desaloxo que deberá ser desde as plantas inferiores ata as superiores, e desde as estancias máis próximas á escaleira ata as máis afastadas preferentemente, ou ben atendendo ao fluxo de persoal que será canalizado proporcionalmente entre o número de escaleiras e saídas de evacuación existentes.
- As persoas designadas para iso pecharán fiestras e portas. Evitaranse correntes de aire.
- Os diferentes grupos esperarán sempre a orde de saída.
- Verificarase que non queda ninguén en ningunha das dependencias da planta.
- As dependencias desaloxadas serán marcadas cunha cadeira ou un obxecto diferente a un extintor diante da porta (**Sinal de dependencia desaloxada**).
- Se a dependencia é a orixe da emerxencia marcarase cun extintor diante da porta (**Sinal de dependencia sinistrada**).
- Ninguén se atrasará para recoller obxectos persoais.
- Baixarase en orde, á beira da parede, rápido pero sen correr nin atropelarse.
- Conservarase a calma.
- Todo o mundo dirixirase ao punto de Reunión preestablecido e permanecerá nel mentres se fai o reconto e ata nova orde do Xefe de emerxencia.



Vía de evacuación é o percorrido horizontal ou vertical que, a través das zonas comúns do edificio, debe seguirse desde calquera punto do interior ata a saída ao exterior.

O punto final denomínase **PUNTO DE REUNIÓN**. Será un lugar exterior, afastado suficientemente do edificio evacuado e con extensión adecuada para acoller a todo o persoal a evacuar.

Deben deseñarse vías de evacuación para todas as dependencias habitualmente ocupadas do centro, tendo en conta os seguintes puntos:

- Elixir o percorrido máis curto ata o exterior.
- Evitar, na medida do posible, pasar por ou preto das zonas con maior risco de incendio.
- **Non considerar as fiestras nin ascensores como vías de evacuación.** Esta circunstancia sinalízase xunto ás portas dos ascensores.
- Elixir un **PUNTO DE REUNIÓN**. Debe evitarse, na medida do posible, evacuar cara a zonas con tráfico ou cara a aquela que obstaculice a chegada das axudas externas. Os patios interiores non serán considerados como puntos de reunión. As zonas elixidas como puntos de reunión deben quedar reflectidas nos planos.

**As VÍAS DE EVACUACIÓN SERÁN MARCADAS NOS PLANOS DAS PLANTAS DO APARTADO DE PLANOS do Plan de Autoprotección MEDIANTE FRECHAS QUE INDICARÁN A DIRECCIÓN E O SENTIDO DA EVACUACIÓN.** Tamén sería conveniente a colocación de copias destes planos das vías de evacuación en diferentes puntos do centro. Nelas sinalízase así mesmo a localización do lugar de localización de quen as estea consultando.



### C. Segundo a disponibilidad de medios

- Durante a xornada laboral
- Nocturna
- Festiva e Vacacional

## 2.- A Autoprotección

### 1.- Concepto <sup>1</sup>

Sistema de accións e medidas encamiñadas a:

- prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens
- dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia
- garantir a integración destas actuacións co sistema público de protección civil.

### 2.- Normativa <sup>2</sup>

- Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia
- R.D. 393/2007, Norma Básica de Autoprotección
- R.D. 314/2006, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

#### **Artigo 40: Lei 5/2007, de Emerxencias- Autoprotección nos centros educativo.**

1. Considérase centro docente ou educativo, ...: Gardarías, **Escolas de educación infantil, Centros de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional**, ensino de réxime especial e centros de educación especial, Universidades, Academias,..., Outros centros asimilables.
2. Nos diferentes ciclos educativos cómpre programar actividades de información,... en materia de protección civil, para o que se deberá realizar, polo menos unha vez ao ano, un simulacro de evacuación, de acordo coas previsións do plan de autoprotección correspondente.
3. Estes programas elaboraranse en colaboración coas autoridades con competencia na materia de educación, ...
4. Os plans de autoprotección nos centros educativos deberán ser aprobados polo seu titular.

#### **A Norma Básica de Autoprotección ( NBA)<sup>3</sup>**

- Establece unha relación directa entre o artigo 15 da Constitución e a autoprotección

---

<sup>1</sup> [Ligazón](#)

<sup>2</sup> [Ligazón](#)

<sup>3</sup> [Ligazón](#)

- Fai no seu preámbulo un percorrido pola normativa en materia de protección civil e prevención de riscos
- Establece a obriga de elaborar, implantar materialmente e manter operativos os Plans de Autoprotección e determina o contido mínimo que deben incorporar estes plans.

## **R.D. 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN(CTE)<sup>4</sup>**

**No CTE se recolle un documento básico(DB) no que se establecen as condicións que deben cumprir os edificios para que sexan seguros en caso de producirse un incendio.**

### **Obxectivo:**

Establecer regras e procedementos que permiten cumprir as esixencias básicas de seguridade en caso de incendio.

**O artigo 11, recolle as esixencias básicas de seguridade en caso de incendio:**

- Establece 6 esixencias básicas de seguridade en caso de incendio:  
Propagación interior, Propagación exterior, Evacuación de ocupantes, Instalacións de Protección contra incendios, Intervención dos Bombeiros, Resistencia estrutural a los incendios.
- A correcta aplicación do conxunto do DB (Documento Básico) supón que se satisface o requisito básico "Seguridade en caso de incendio".

## **2.1- O Plan de Autoprotección escolar**

### **1. Concepto ( para máis información consultar a páxina web <sup>5</sup>)**

É o documento que establece o marco orgánico e funcional previsto para un centro, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia na zona, baixo responsabilidade do titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema público de protección civil.

Os **obxectivos básicos** do Plan de Autoprotección son:

- Coñecer as instalacións, analizando o risco dos seus distintos sectores, así como os medios de protección dispoñibles.

<sup>4</sup> [Ligazón](#)

<sup>5</sup> [Ligazón](#)

- Analizar a fiabilidade de todos os medios de evacuación e protección, así como das instalacións xerais.
- Prever as causas de emerxencia.
- Programar os plans de actuación fronte ás posibles emerxencias.
- Determinar as persoas organizadas, formadas e adestradas que garantan rapidez e eficacia nas accións a emprender para o control das emerxencias.
- Ofrecer información a todos os usuarios das instalacións de cómo deben de actuar ante unha emerxencia e, en condicións normais, para a súa prevención.
- Organizar as relacións que sexan necesarias para a coordinación dos servizos externos en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios.

## 2. Obrigas dos titulares das actividades

- Elaborar o Plan de autoprotección
- Presentar o Plan de autoprotección ao órgano da Administración Pública competente para outorgar a licenza ou permiso determinante para a explotación ou inicio da actividade.
- Desenvolver as actuacións para a implantación e o mantemento da eficacia do Plan de autoprotección,
- Informar e formar o persoal ao seu servizo nos contidos do Plan de autoprotección.
- Facilitar a información necesaria para, no seu caso, posibilitar a integración do Plan de autoprotección noutros Plans de autoprotección de ámbito superior e nos de Protección Civil.
- Colaborar coas autoridades competentes das Administracións Públicas, no marco das normas de protección civil
- Informar da realización dos simulacros.

## 3. Obrigas do persoal das actividades

O persoal ao servizo das actividades terá a obriga de participar, na medida das súas capacidades, no Plan de autoprotección e asumir as funcións que lles sexan asignadas no devandito Plan.

4. **Contido:** O anexo II do R.D 393/2007 establece o contido mínimo que debe ter o Plan de Autoprotección e estrutúrase do seguinte xeito:

Capítulo 1: Identificación dos titulares e da localización da actividade.

Capítulo 2: Descrición detallada da actividade e do medio físico.

Capítulo 3: Inventario, análise e avaliación de riscos.

Capítulo 4: Inventario e descrición das medidas de autoprotección.

Capítulo 5: Programa de mantemento de instalacións.

Capítulo 6: Plan de actuación ante emerxencias.

Capítulo 7: Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

Capítulo 8: Implantación do plan de autoprotección

Capítulo 9: Mantemento da eficacia e actualización do Plan de autoprotección.

Anexo I: Directorio de comunicación

Anexo II: Formularios para a xestión de emerxencias

Anexo III: Planos

### **Capítulo 1:** Identificación dos titulares e da localización da actividade

- 1.1 Dirección Postal da localización da actividade. Denominación da actividade, nome e/ou marca. Teléfono e Fax.
- 1.2 Identificación dos titulares da actividade. Nome e/ou Razón Social. Dirección Postal, Teléfono e Fax.
- 1.3 Nome do Director do Plan de autoprotección e do director ou directora do plan de actuación en emerxencia, caso de ser distintos. Dirección Postal, Teléfono e Fax.

### **Capítulo 2:** Descrición detallada da actividade e do medio físico.

- 2.1- Descrición de cada unha das **actividades desenvolvidas** obxecto do Plan.
- 2.2 - **Descrición do centro** ou establecemento, dependencias e instalacións onde se desenvolvan as actividades obxecto do plan.
- 2.3 - **Clasificación e descrición de usuarios.**
- 2.4 - **Descrición do ámbito** urbano, industrial ou natural no que figuren os edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.
- 2.5 - Descrición dos accesos. Condicións de **accesibilidade** para a axuda externa.

### **Capítulo 3:** Inventario, análise e avaliación de riscos.

- 3.1- Descrición e localización dos **elementos, instalacións, procesos** de produción, etc. que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou incidir de xeito desfavorable no seu desenvolvemento.
- 3.2 - Identificación, análise e avaliación dos **riscos propios** da actividade e dos **riscos externos** que poidesen afectalo. (Riscos considerados nos plans de Protección Civil e actividades de risco próximas).

- 3.3 - Identificación, cuantificación e tipoloxía das **persoas** tanto **afectas á actividade** como **alleas** a esta que teñan acceso aos edificios, instalacións e áreas onde se desenvolve a actividade.

#### **Capítulo 4:** Inventario e descrición das medidas de autoprotección.

- 4.1 - Inventario e descrición das medidas e medios, **humanos e materiais**, que dispón a entidade para controlar os riscos detectados, enfrontar as situacións de emerxencia e facilitar a intervención dos Servizos Externos de Emerxencias.
- 4.2 - As medidas e os medios, humanos e materiais, dispoñibles en aplicación de **disposicións específicas** en materia de seguridade.

#### **Capítulo 5:** Programa de mantemento de instalacións.

- 5.1 - Descrición do mantemento preventivo das **instalacións de risco**, que garante o seu control.
- 5.2 - Descrición do mantemento preventivo das **instalacións de protección**, que garante a súa operatividade.
- 5.3 - Realización das **inspeccións de seguridade** de acordo coa normativa vixente.

#### **Capítulo 6:** Plan de actuación ante emerxencias

Deben definirse as accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias, garantíndose a alarma, a evacuación e o socorro.

#### **Capítulo 7:** Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.

- 7.1 Os protocolos de **notificación** da emerxencia
- 7.2 A **coordinación** entre a dirección do Plan de autoprotección e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de autoprotección.
- 7.3 As formas de **colaboración** da organización de autoprotección cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil.

#### **Capítulo 8:** Implantación do plan de autoprotección

- 8.1 - Identificación do **responsable da implantación** do Plan.
- 8.2 - Programa de formación e **capacitación** para o persoal con participación activa no Plan de autoprotección.
- 8.3 - Programa de formación e **información** a todo o persoal sobre o Plan de autoprotección.
- 8.4 - Programa de información xeral para os **usuarios**.
- 8.5 - Sinalización e normas para a actuación de visitantes.

8.6 - Programa de **dotación** e adecuación de medios materiais e recursos.

## **Capítulo 9:** Mantemento da eficacia e actualización do Plan de autoprotección

9.1 - Programa de **reciclaxe** de formación e información.

9.2 - Programa de **substitución** de medios e recursos.

9.3 - Programa de exercicios e **simulacros**.

9.4 - Programa de revisión e actualización de toda a **documentación** que forma parte do Plan de autoprotección.

9.5 - Programa de auditorías e **inspeccións**.

## **2.2- O Plan de actuación ante emerxencias. ( plan de emerxencias)**

**Establecerá as accións a desenrolar para o control inicial das emerxencias, garantindo a alarma, a evacuación e o socorro.**

### **CONCEPTO**

Documento pertencente ao plan de autoprotección no que se prevén:

- a organización da resposta ante situacións de emerxencias clasificadas.
- as medidas de protección e intervención a adoptar.
- os procedementos e secuencia de actuación para dar resposta ás posibles emerxencias.

### **CONTIDO:**

#### **1.-Identificación e clasificación das emerxencias:**

- En función do tipo de risco
- En función da gravidade
- En función da ocupación e medios humanos

#### **2.-. Procedementos de actuación ante emerxencias :**


- a) Detección e Alerta.
- b) Mecanismos de Alarma:
  - Identificación da persoa que dará os avisos.
  - Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.
- c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

- d) **Evacuación e/ou Confinamento.**
- e) Prestación dos **Primeiros Auxilios.**
- f) Modos de **recepción das Axudas externas.**

Neste apartado deberanse indicar as pautas de actuación a seguir en caso de unha situación de emerxencia. Detallando, dende o momento en que se produce a detección da emerxencia, cómo se dará a sinal de alarma, qué persoas se encargarán de activar esta sinal e quen avisará ao teléfono de emerxencias. Tamén haberá que especificar o proceso a seguir, tanto por parte do alumnado como do profesorado durante a evacuación ou o confinamento<sup>6</sup>.

### PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIA

Pódese utilizar a modo de exemplo para describir as actuacións a realizar. Dependendo da situación contemplada, pode que non sexa necesario tomar en consideración algunha das etapas sinaladas.



<sup>6</sup> [Ligazón](#)  
[Ligazón](#)



### **Detección de Alarma:**

Será comunicada polo que detecte a emerxencia dende o lugar do sinistro ao Centro de Control que podería situarse na Secretaría do centro, utilizando para elo, o sistema de megafonía ou ben a viva voz se a emerxencia así o require. Se localizará ao Xefe de Emerxencias( director/a).

### **Confirmación:**

En caso de accidente laboral ou escolar, enfermidade súbita non necesita confirmación. Si a alarma é automática requirirá a confirmación do Xefe de Emerxencia. Y en caso que o detecte un alumno/a necesita verificarse por calquera traballador/a.

### **Declaración tipo de emerxencia:**

O Xefe de Emerxencia declara o tipo de emerxencia: Conato de emerxencia, emerxencia parcial ou xeral.

### **Intervención:**

En caso de incendio, si se considera posible a extinción mediante extintores, soio o persoal que se crea capacitado e coñeza o funcionamento de estes pode intentalo pero sen correr riscos inútiles.

### **Transmisión de emerxencia:**

Alarma interior a todos os ocupantes, polos medios de que dispoña o centro:

- 1.-Sistema de megafonía xeral con palabras claras e entendibles.
- 2.-Timbre con intervalos curtos e continuados, sirenas

Alarma Exterior, vía telefónica aos servizos de Axuda Externa ( Protección Civil, Bombeiros).

### **Evacuación:**

Xeral, seguir as instrucións para a realización de simulacros.

### **Fin da emerxencia:**

Remata cándo o Xefe de Emerxencias declara o fin da mesma.

## Incendios

En xeral, a pauta de actuación a seguir ante un incendio, resúmese mediante o acrónimo:


**R**  
**A**  
**C**  
**O**  
**E**

**RESCATE** (Debemos rescatar ás persoas en grave perigo)

**ALARMA** (Debemos avisar ao xefe de emerxencias para que poñan en marcha os mecanismos oportunos)

**COMPARTIMENTACIÓN** (Pecharemos portas e fiestras para atrasar a propagación do incendio)

**EXTINCIÓN** (Unha vez levadas a cabo as accións anteriores)



## Exemplo de fichas resumen para os equipos de emerxencias

### Ficha para o Xefe de emerxencia

#### QUE FAGO SI?

- **Recibo aviso dunha situación conflitiva con posibilidade de agresión**
  1. Aviso ao 112.
  2. Xestiono axuda interna para o compañeiro.
  3. Espero na porta do centro a axuda externa solicitada.
- **Alguén me comunica que se produciu un incendio.**
  1. Intento solicitar toda a información posible (magnitude, orixe?).
  2. Encárgome de dar a alerta e de que as portas queden abertas.
  3. Se o conato pasa a ser ou ameaza con converterse en emerxencia solicito axuda externa (112 e/ou bombeiros).
  4. Aviso ao Xefe do Equipo de Primeiros Auxilios para que avise aos seus membros e diríxase ao momento de Reunión preestablecido.
  5. Dou orde de dar a alarma.
  6. Reúno información sobre as persoas evacuadas.
  7. Subministración aos bombeiros a información que soliciten á súa chegada.
- **Alguén me di que atopou a unha persoa accidentada.**
  1. Intento solicitar toda a información posible (quen, onde, que?).
  2. Solicito axuda externa (112)
  3. Aviso ao Xefe do Equipo de Primeiros Auxilios para que o seu equipo acuda ao lugar do accidente.
  4. Espero na porta do centro á espera da axuda externa, para conducir ao persoal enviado ata o lugar onde se atope o accidentado.
- **Alguén me comunica que recibiu un aviso de bomba.**
  1. Reúnome con el
  2. En base á información recompilada, se trata dunha emerxencia, comunícollo ao 112 e dou instrucións para que se dea a alarma.
  3. Reúno información sobre as persoas evacuadas.
  4. Subministración á policía ou ás forzas de seguridade a información que soliciten á súa chegada.
- **Exponse calquera outra situación susceptible de ser considerada unha emerxencia.**
  1. Logo de avaliar a situación, actúo seguindo as pautas recollidas no plan, mobilizando os recursos necesarios e ordenando, se é preciso, a evacuación do centro.

## QUE FAGO SI?

- **Detecto unha situación conflitiva con posibilidade de agresión**
  1. Aviso a un compañeiro e/ou ao xefe de emerxencia (TFNO.: \_\_\_\_\_)
  2. Espero a chegada do compañeiro e da axuda externa.
- **Recibo aviso dunha situación conflitiva con posibilidade de agresión**
  1. Aviso ao xefe de emerxencia.
  2. Diríxome a axudar ao compañeiro.
  3. Esperamos a chegada de axuda externa.
- **Descubro un incendio.**
  1. Aviso a un compañeiro próximo.
  2. Se hai alguén en perigo intentamos rescatalo (RACE).
  3. Comunícollo ao xefe de emerxencia (RA Ce).
  4. Actúo de enlace entre o lugar do incendio e o Xefe de emerxencia.
- **Alguén me di que descubriu un incendio.**
  1. Busco a outro ou outros compañeiros (ambos constituiremos o Equipo de Intervención).
  2. Intentamos illar ou compartimentar o incendio (RACE).
  3. Cun extintor cada un intentaremos apagar o lume (RACE).
  4. Seguiremos as instrucións que nos transmita o xefe de emerxencia a través da persoa que descubriu o lume.
  5. Non utilizaremos as BIE a menos que recibamos a autorización do xefe de emerxencia.
  6. Se non podemos sufocar o lume pecharemos as portas da dependencia onde se localice e sinalizármolas colocando un extintor diante.
- **Escoito a alarma.**
  1. Deixo o que estea facendo e, tras saír da zona onde me ache, deixo a porta pechada e diante da mesma unha cadeira ou outro obxecto como sinal de que foi evacuada.
  2. Diríxome ao momento de Reunión preestablecido e non o abandono ata que non se efectuou o reconto.
  3. Sigo as instrucións do xefe de emerxencia.
